XUNTA DE GALICIA
INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA AUGA DA LAXE
Campo da Feira, 28. 36380 – Gondomar
Teléfono: 886 110 209
ies.augadalaxe.gondomar@edu.xunta.gal

Unión Europea
Fondo Social Europeo

# IES Auga da Laxe

## Programación Xeral Anual

## Curso 2025/2026

Gondomar, novembro de 2025

Este documento da PXA foi aprobado na reunión do Consello Escolar celebrada o 18 de novembro de 2025

# ÍNDICE


**1. Obxectivos específicos, medidas e recursos para o curso 2025-2026 / Páx. 4**

**2. Horario xeral do IES / Páx. 7**

2.1. Horario lectivo

2.2. Horario de atención ao público

2.3. Horario de verán

2.4. Plan de utilización das instalacións do centro

**3. Organización de servizos complementarios / Páx. 9**

3.1. Transporte escolar

3.2. Comedor escolar

3.3. Cafetería

**4. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente / Páx. 11**

4.1. Introdución

4.2. Persoal de administración e de servizos

**5. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro / Páx. 12**

**6. Plan de autoprotección / Páx. 17**

**7. Programa de formación do profesorado no centro / Páx. 17**

7.1. Liña de formación en convivencia

7.2. Liña de formación en Polos creativos

7.3. Liña de formación en Bibliotecas Escolares

**8. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro / Páx. 18**

**9. Concreción anual do Plan de Biblioteca e do Plan de Lectura e programa conxunto de actividades da Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) / Páx. 25**

9.1. Concreción anual do Plan de Biblioteca e do Plan de lectura

9.2. Programa conxunto de actividades da Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

**10. Concreción anual do Plan Dixital / Páx. 32**
**11. Addenda do Proxecto Lingüístico / Páx. 33**
**12. Concreción anual do Plan de Atención á Diversidade / Páx. 34**
12.1. Constitución do departamento de Orientación
12.2. Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado
**13. Concreción anual do Plan de Benestar e Convivencia / Páx. 42**
**14. Plurilingüismo / Páx. 43**
14.1. Sección Bilingüe
14.2. Programa de auxiliares de conversa
14.3. Intercambios e viaxes de aprendizaxe de linguas estranxeiras
14.4. Probas de acreditación en linguas estranxeiras
**15. Programas educativos / Páx. 45**
15.1. EduMob
15.2. PLAMBE
15.3. PROA+
15.4. Proxectos de Inclusión Educativa (PIE)
15.5. Innova-Lab

**ANEXO I. Calendario escolar 2025-2026 / Páx. 47**

## 1. Obxectivos específicos, medidas e recursos para o curso 2025-2026

| OBXECTIVO | RESPONSABLE | MEDIDAS E RECURSOS | XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|
| Organizar o maior número posible de medidas que dean resposta ás necesidades do alumnado: tres grupos en 2ºESO, apoios e reforzos, desdobramentos en 1ºESO para conversa en Inglés, para prácticas de laboratoio en BX, para prácticas en Tecnoloxía e, en xeral, todas as medidas incluídas no PXAD. | Tanto nos apoios como nos reforzos e desdobramentos, os departamentos implicados.<br><br>Departamento de Orientación | Para as horas de conversa e prácticas, 2h horas aos departamentos de Inglés, BioXeo e Tecnoloxía.<br><br>Horas da PT do centro<br><br>Horas do PT do programa PROA+ (media xornada) | Dar resposta ao gran número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e contribuír á mellora da calidade do ensino. |
| Revisar e actualizar a documentación do centro: as NOFC, a concreción curricular, o PEC, o PAT, o Plan de Benestar Emocional e Convivencia e o Plan de Autoprotección. | O claustro coa coordinación do Equipo Directivo | Redacción por parte do equipo directivo ou doutros equipos docentes, de acordo co establecido na CCP e no claustro. | É necesario que a documentación se revise cada curso para tela actualizada. |
| Informar as familias das novas que lles afecten. | Equipo Directivo e persoas titoras | Publicar na páxina web do centro información de interese, enviar mensaxes por Abalar ás familias e difundir información a través das redes sociais. | É necesario activar os medios telemáticos para manter as familias informadas. |
| Desenvolver de xeito conxunto as actividades de dinamización da biblioteca e de fomento da lingua galega. | Todo o profesorado coordinado pola persoa responsable da biblioteca e pola coordinadora do EDLG | Medidas incluídas no epígrafe 9.<br>Para a *Hora de ler*, carpetas de lecturas na aula para o alumnado que esqueza o libro na casa.<br>Recursos facilitados polo PLAMBE<br>Continuidade da liña sobre Bibliotecas Escolares no PFPP do centro.<br>Participación nas axudas da Consellería de Educación para os EDLG. | Cómpre fomentar o hábito lector, a competencia en lectoescritura e o uso da lingua galega entre o alumnado. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Continuar co desenvolvemento do Plan Dixital do centro | Equipo de dinamización do Plan Dixital | Continuidade do PFPP que inclúe unha liña de formación sobre o programa Polos creativos coa participación do profesorado interesado. Ademais, formación no manexo dos novos paneis interactivos instalados nas aulas.<br>Participación no programa Polos creativos da Consellería de Educación. | Considérase necesario favorecer a integración das tecnoloxías dixitais nos procesos de formación e avaliación e mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa. |
| Desenvolver iniciativas que melloren a convivencia no centro. | Todo o profesorado coa coordinación do Equipo Directivo.<br>O departamento de Orientación.<br>A persoa coordinadora de Benestar Emocional e Convivencia.<br>Na ENAPA, as familias. | Continuidade do PFPP dependente do CFR de Vigo cunha liña de formación centrada na mellora da convivencia.<br>Continuidade no funcionamento dunha aula de convivencia atendida por profesorado específico durante todo o horario lectivo.<br>Desenvolvemento dunha Escola de Nais e Pais (ENAPA), dependente do CFR de Vigo. | Logo da mellora da convivencia que se constatou nestes últimos cursos, sobre todo nos niveis de 1º e 2º ESO, considérase necesaria a continuidade de medidas desenvolvidas para fortalecer a convivencia no centro e favorezan a resolución de conflitos. |
| Fortalecer as actividades de aprendizaxe de linguas estranxeiras: probas de acreditación lingüística e viaxes e intercambios en inglés e francés. | Profesorado de linguas estranxeiras | Solicitar as axudas da consellería para acreditación alumnado LE.<br>Participar no programa EduMob de intercambios de Francés.<br>Manter o intercambio con Alemaña (1ºBach).<br>Manter o intercambio con Dinamarca (2ºBach)<br>Organizar unha viaxe de Francés a Bélxica (3º e 4º de ESO e 1ºBach).<br>Solicitude de participación na modalidade Inter-Lab do programa Innova-Lab da Consellería de Educación. | Considérase necesario fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras e favorecer que o alumnado dispoña dunha certificación que acredite o seu nivel. |
| Desenvolver iniciativas en favor da | Profesorado participante | Participación no programa Proxectos de | É necesario seguir afondando na |

| | | | |
|---|---|---|---|
| igualdade, a inclusión, a convivencia e a educación emocional. | no PIE | Inclusión Educativa (PIE)<br>Dinamización de actividades para conseguir uns recreos máis diversos e inclusivos, co fomento de deportes menos frecuentes entre o alumnado (pinfuvote ou dodgeball), xogos tradicionais ou outras propostas como os Xoves de xogos ou o obradoiro de crochet Aracne. | educación para a igualdade, a inclusión e a convivencia. |
| Darlle continuidade ao proxecto de dirección *Cos pés na terra* | Equipo directivo e Claustro<br><br>Biblioteca + EDLG | Xestións e propostas de planificación realizadas polo equipo directivo, especialmente desde a Vicedirección. Actividades desenvolvidas a través da materia Proxecto Competencial. | Darlle continuidade ás medidas propostas no proxecto de dirección presentado para o período 2021-2025 |

## 2. Horario xeral do IES

### 2.1. Horario lectivo

O horario das actividades lectivas é de 9:30h a 15:00h con recreo de 12:00h a 12:30h, de luns a venres e de 17:00h a 18:40h os luns. Para a distribución das diversas actividades lectivas dentro deste horario consúltese o DOC ou o Xade.

#### 2.1.1. Programación das sesións de avaliación

**Avaliacións iniciais:** 13, 14, 15 e 16 de outubro

| **Calendario de avaliacións** | 2º Bacharelato | ESO e 1º Bacharelato |
|---|---|---|
| **1ª Avaliación** | 18 de novembro | 2, 3 e 9 de decembro |
| **2ª Avaliación** | 19 de febreiro | 10, 11 e 12 de marzo |
| **Ordinaria final de bacharelato** | 13 de maio* | 9 de xuño (1ºBach) |
| **Extraordinaria 2ºBach** | 11 de xuño* | |
| **Ordinaria final ESO / Extraord. 1ºBach** | 22 e 23 de xuño | |

(*) Datas provisionais previstas, pendentes do calendario das PAU

#### 2.1.2. Días non lectivos propios do centro

Os días non lectivos propios do centro para o curso 2025/2026, aprobados polo Consello Escolar e autorizados pola Inspección educativa, son o 20 de marzo de 2026 e o 4 de maio de 2026.

#### 2.1.3. Calendario escolar do curso 2025-26 coa planificación das actividades lectivas

Inclúese como ANEXO I, ao final da Programación Xeral Anual, o calendario escolar do centro, aprobado polo Claustro, coa planificación xeral das actividades lectivas. Foi elaborado a partir do establecido na *ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/05/25).*

### 2.2. Horario de atención ao público

O horario da secretaría durante o curso será de 9:30h a 14:00h.

### 2.3. Horario de verán

O centro permanecerá aberto durante o mes de xullo de 09:30h a 14:00h e en agosto haberá un horario de atención telefónica de 10:00h a 13:00h, só para asuntos urxentes.

### 2.4. Plan de utilización das instalacións do centro

Durante o curso, o Concello de Gondomar utiliza as instalacións deportivas do centro (ximnasio, vestiarios e pista exterior) para o desenvolvemento das actividades das escolas deportivas municipais, de acordo co seguinte horario:

- Luns, de 19:00h a 22:00h
- Martes: de 17:00h a 22:30h
- Mércores: de 16:00h a 22:00h
- Xoves: de 17:00h a 22:30h
- Venres: de 16:00h a 22:00h
- Sábado: de 10:00 a 14:00h / de 9:00h a 21:00h
- Domingo: de 9:00h a 21:00h

Entre as actividades propostas inclúense ximnasia acrobática, ximnasia de mantemento, escola de psicomotricidade e multideporte, escola de taekwondo, club de tenis e actividades diversas. Respecto destas actividades o Concello de Gondomar subscribe pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil. Ademais, como compensación polo uso das instalacións deportivas do instituto, o Concello de Gondomar asume o compromiso do mantemento do xardín do recinto escolar. O uso das instalacións por parte do Concello de Gondomar conta coa aprobación do Consello Escolar.

Por outra banda, no instituto funcionan uns Obradoiros de Música gratuítos, coordinados polo profesor da materia, Sergio Álvarez Vázquez, que se levan a cabo na aula de música co seguinte horario:

Martes de 15:00h a 16:00h

Xoves de 17:00h a 18:00h

Venres de 16:30h a 18:30h.

Tamén poderá facer uso das instalacións do centro a asociación Espazo Lectura, para reunións ou celebración de actividades, previa solicitude ao equipo directivo.

## 3. Organización de servizos complementarios

### 3.1. Transporte escolar

O noso centro dispón de cinco liñas de transporte para o alumnado da ESO, unha delas dependente do servizo de transporte escolar da Consellería de Educación e xestionada pola empresa Autocares de Tui (ATSA)-Galisur S.A. e as outras catro xestionadas por LUGOVE dentro do sistema de transporte integrado da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Ademais, compartimos as liñas de transporte do IES Terra de Turonio.

Ao igual que outros anos, continuamos colaborando coas empresas adxudicatarias do servizo para poder organizar o seu uso por parte do alumnado de bacharelato, sempre que haxa prazas dispoñibles, tanto nas nosas liñas como nas do IES Terra de Turonio. Neste curso 2025/2026 puideron atenderse favorablemente todas as solicitudes, xa que había prazas dispoñibles suficientes en todas as liñas.

Estas son as liñas e paradas das cinco rutas do noso centro, así como o número de alumnos e alumnas que fai uso de cada liña neste curso:

| Liña | Empresa | Paradas | Alumnado AL | Alumnado TT | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| IES-Fonte do Capitán | LUGOVE | Gaiandas / Fontenla / Vilares / Abeíña / Vendas / Carrasquedo / Barreiro / Fonte do Capitán | 28 | 11 | 39 |
| IES-Nande | LUGOVE | Gondomar EA / Cheita / Piquetes II / Piquetes I / Costa / Sequiña / Nande | 24 | 5 | 29 |
| IES-A Torre | LUGOVE | Gondomar EA / Ameixeira / Cuartel Garda Civil / Adro / Aspera / Toucido / A Torre | 20 | 5 | 25 |
| IES-A Pedreira | LUGOVE | Gondomar EA / Ventorrillo / Regueiro / As Razas / A Pedreira | 9 | 2 | 11 |
| IES-Lobadas | ATSA-GALISUR | Texosa Cruceiro / Solleiro / Escolas / Lobadas | 18 | 3 | 21 |
| | | | 99 | 26 | **125** |

O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

### 3.2. Comedor escolar

O noso centro non dispón de servizo de comedor.

### 3.3. Cafetería

No curso 2025-2026 o centro non dispón de servizo de cafetería por quedar deserto o concurso de licitación da mesma, igual que xa sucedeu o curso anterior. Agárdase que este ano se convoque de novo unha licitación pública que permita que se poida dispoñer novamente de servizo de cafetería a partir do próximo curso.

## 4. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

### 4.1. Introdución

Corresponderá á Secretaria do centro coordinar, dirixir e supervisar, por delegación da dirección, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscrito ao instituto (Artigo 32 do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria).

### 4.2. Persoal de administración e de servizos

No centro contamos cunha administrativa, dúas bedeis e tres persoas do servizo de limpeza, unha a media xornada e dúas a xornada completa. Sinálanse a continuación os horarios do persoal non docente.

Horario do persoal de limpeza:

| Horario xornada completa | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| | 14:00 – 21:30 | 14:00 – 21:30 | 14:00 – 21:30 | 14:00 – 21:30 | 14:00 – 21:30 |
| Nº de horas | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min |
| Total | 37 h 30 min | | | | |

| Horario media xornada | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| | 14:00 – 17:45 | 14:00 – 17:45 | 14:00 – 17:45 | 14:00 – 17:45 | 14:00 – 17:45 |
| Nº de horas | 3 h 45 min | 3 h 45 min | 3 h 45 min | 3 h 45 min | 3 h 45 min |
| Total | 18 h 45 min | | | | |

Horario da auxiliar administrativa:

| Horario | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| | 7:45 – 15:15 | 7:45 – 15:15 | 7:45 – 15:15 | 7:45 – 15:15 | 7:45 – 15:15 |
| Nº de horas | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min |
| Total | 37 h 30 min | | | | |

Horario das bedeis:

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| Horario | 9:15 – 15:00<br>17:00 – 18:45 | 8:00 – 15:30 | 8:00 – 15:30 | 8:00 – 15:30 | 8:00 – 15:30 |
| Nº de horas | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min | 7 h 30 min |
| Total | 37 h 30 min | | | | |

## 5. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro

Baixo a coordinación da Vicedirección, o centro preparou a seguinte programación de actividades complementarias e extraescolares, que foi aprobada polo Consello Escolar nunha reunión celebrada o 1 de outubro de 2025. Tamén se aprobou a realización doutras actividades semellantes que puidesen ir xurdindo ao longo do curso.

| Nome da actividade | Departamento/s responsable/s | Breve explicación da actividade | Grupo ou grupos aos que vai destinada a actividade | Tipo de actividade | Data prevista (de non sabela, o trimestre) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Gravación en Casa de tolos | Música | Gravación no estudio Casa de Tolos, Mañufe, a cargo dun dos grupos do instituto. | 2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C, 3º ESO A, 3º ESO B, 4º ESO A, 4º ESO B, 1º BAC A, 1º BAC B, 1º BAC C, 2º BAC A, 2º BAC B, Ex-alumnos. | Extraescolar | Preferentemente abril ou maio. | |
| Concerto de Lienzo Sobre Óleo | Música | Concerto o 1/10, 21:00 hs en Vértigo, r/ Otero Pedrayo 3, Gondomar. | 2º BAC A, 2º BAC B, Ex-alumnos. | Extraescolar | 1/10/25 | |
| Oviedo: Viaxe ao prerrománico asturiano | Relixión Católica, Xeografía e Historia | Visita cultural a Oviedo para coñecer a arte prerrománica: Santa María do Naranco, San Miguel de Lillo, ..., entre outros elementos artísticos, propios do temario da materia de Historia da Arte. | 1º BAC A, 1º BAC B, 1º BAC C, 2º BAC B, Actividade co alumnado de Relixión de 1º Bacharelato e Arte de 2º | Complementaria | Do 13 ao 15 de outubro | As datas poderán modificarse en función do calendario de exames, especialmente do alumnado de 2º Bacharelato. |
| Viaxe a Salamanca | Relixión Católica, Xeografía e Historia | Viaxe cultural-artística para coñecer a arte románica, gótica e renacentista de Salamanca. | 4º ESO A, 4º ESO B, 2º BAC B, Dirixida só ao alumnado de Historia da Arte de 2º Bach. B. | Complementaria | 21 ao 22 xaneiro de 2026 | |
| Formación de usuarios da biblioteca | Biblioteca, Xeografía e Historia | Xogo na biblioteca para dar a coñecer o funcionamento da biblioteca ao novo alumnado do centro. Farase en horas de Xeografía e Historia nas primeiras semanas do curso. | 1º ESO A, 1º ESO B | Complementaria | Luns, 22 de setembro de 2025 | |
| Xoves de Xogos | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Orientación, Vicedirección, Outros | O alumnado que o desexe, monitorizado por compañeiras, compañeiros e unha profesora responsable (PT) sacarán os xogos cooperativos, fondo da Biblioteca-EDLG-Orientación) para o xogo cooperativo durante o recreo. | Todo o alumnado do centro está convidado. | Complementaria | Todos os recreos dos xoves lectivos do curso | |
| Hora de Ler | Biblioteca | Actividades para fomentar a lectura durante unha hora semanal, rotatoria. | 1º ESO A, 1º ESO B, 2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C, 3º ESO A, 3º ESO B, 4º ESO A, 4º ESO B | Complementaria | Unha hora semanal segundo calendario proposto. | Contará coa colaboración dos departamentos didácticos. |
| Celebración do Samaín | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Inglés, Latín e Grego, Vicedirección | Concurso de epitafios, contos de medo, cabazas, cestas de outono, decoración do IES. | Toda a comunidade educativa. | Complementaria | Derradeira semana de outubro | |
| Obradoiro do Proxecto Aracne | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Lingua Castelá e Literatura | Obradoiro colaborativo para aprender a tecer coa profesora de Lingua Castelá (Yolanda) e, colaborativamente, levantar unha árbore de glicinias na entrada do IES. | Está convidado todo o alumnado do centro que desexe participar. | Complementaria | Todos os recreos dos mércores lectivos do curso. | |
| Semana dos retos contra a Violencia de Xénero | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Vicedirección | Actividades durante os recreos dunha semana con actividades e xogos colaborativos para sensibilizar ao noso alumnado da situación tan dura que viven moitas mulleres no mundo, na nosa contorna. Probablemente neste data faríase un acto co Concello de Gondomar. | Todo o alumnado que desexe participar nos recreos. | Complementaria | Semana do 24 ao 28 de novembro de 2025 | |
| Visita á Residencia xeriátrica "Vila do Conde" | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Xeografía e Historia | Durante o primeiro trimestre o alumnado de Proxecto Competencial e Oratoria preparará actividades para desenvolver na Residencia, para interactuar cos seus usuarios. | Todo o alumnado de Proxecto Competencial e Oratoria da ESO | Complementaria | Mes de decembro | |
| Actividade colaborativa co Colexio Juan María | Biblioteca, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Xeografía e Historia | Durante o segundo trimestre, o alumnado de Proxecto Competencial e Oratoria investigarán e traballarán sobre as institucións ou ONGs que traballan con persoas con discapacidade, de calquera tipo. | Alumnado de Proxecto Competencial e Oratoria | Complementaria | Ao redor do Entroido | |
| Colaboración coa Illa de Tali e limpeza de praias | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Xeografía e Historia | Durante o terceiro trimestre traballaremos as asociacións que traballan na defensa do medio natural (flora e fauna). Visita á Foz do Miñor para colaborar unha xornada coa Illa de Tali e na limpeza dalgún espazo da foz. | Alumnado de Proxecto Competencial e Oratoria | Complementaria | Dependendo do tempo meteorolóxico, finais de maio, comezo de xuño. | |
| Semana dos retos dos Dereitos Humanos e a Contitución | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Outros | Actividades para os recreos, xogos cooperativos para celebrar os DDHH e analizar o incumprimento dos mesmos no mundo actual. Asemade, tamén desenvolveremos algunha actividade para conmemorar o Día da Constitucion Española. | Todo o alumnado que desexe participar voluntariamente | Complementaria | Semana do 02 ao 05 de decembro. | |
| Mercado solidario | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Vicedirección, Outros | Durante o primeiro trimestre, o alumnado de Proxecto Competencial deseñará e fabricará xoias co material do Polos Creativos. Con estas e coas achegas da Comunidade Educativa, pretendemos facer un rastrillo (como o curso pasado) para enviar a recadación ao Banco de Alimentos. | Toda a Comunidade Educativa | Complementaria | Do 16 ao 20 de decembro de 2025 | |
| Semana dos retos "Diego Sarmiento" (xogo de pistas polo Centro e polo Concello) | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) | Semana para conmemorar o 400 aniversario do pasamento de Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. Faremos unha mesa redonda con persoas rellacionadas co pazo e faremos un xogo de pistas polo centro e polo Concello. | Diversos grupos, especialmente o alumnado de Proxecto Competencial. | Complementaria | Do 26 ao 30 de xaneiro de 2026 | |
| Acto Pola Paz e a Non Violencia no Mundo | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Vicedirección | Recreo con xogos cooperativos no patio do IES, particpando profesorado e alumnado. | Todo o alumnado que desexe participar no recreo. | Complementaria | 30 de xaneiro de 2026 | |
| Semana dos retos das "Mulleres Loitadoras" e "Pensamentos para Rosalía de Castro" | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Lingua Galega e Literatura, Vicedirección | | Todo o alumnado que desexe participar. | Complementaria | Semana do 23 ao 27 de febreiro) e 20 de febreiro | Colaboración coas actividades propostas polo Departamento de Lingua Galega. |
| Acto para celebrar o Día da Muller traballadora. | Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Vicedirección | Breve acto no recreo para conmemorar esta efeméride. Pendente de concretar. | Todo o alumnado que desexe participar voluntariamente. | Complementaria | 08 de marzo de 2026 | |

| Nome da actividade | Departamento/s responsable/s | Breve explicación da actividade | Grupo ou grupos aos que vai destinada a actividade | Tipo de actividade | Data prevista (de non sabela, o trimestre) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Viaxe cultural a Salamanca | Relixión Católica | Percorrido polo casco histórico visitando diferentes monumentos e mosteiros identificando como a fe se manifesta na arte relixiosa | 4º ESO A, 4º ESO B | Extraescolar | 2º trimestre | A actividade realizarase conxuntamente co IES Terra de Turonio |
| Viaxe cultural a Oviedo | Relixión Católica, Xeografía e Historia | Visita á Catedral de Oviedo, Cámara Santa , diferentes edificacións do prerrománico asturiano, sendo a maioría visitas guiadas | 1º BAC A, 1º BAC B, 1º BAC C, 2º BAC A, 2º BAC B | Extraescolar | Mediados de xaneiro | A actividade realizarase conxuntamente co departamento de Xeografía e Historia participando alumnado de 2º bacharelato de Arte |
| Sangriña/Laxe/Juan María/San Xerome | Vicedirección, Educación Física, Biblioteca, EDLG e outros dptos | Tres xornadas de convivencia ao longo do curso, unha por trimestre | 2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C | Complementaria, extraescolar | Finais decembro, finais marzo, finais xuño | |
| Intercambio Aarhus-ALaxe | Vicedirección, Dpto Inglés | Devolución visita intercambio alumnado danés | 2º BACH A, 2º BACH B | Extraescolar | 30 setembro-6 outubro | |
| Intercambio Nagold-ALaxe | Vicedirección, Tecnoloxía | Intercambio alumnado Nagold-Alumnado Auga da Laxe | 1º BACH A, 1º BACH B, 1º BACH C | Extraescolar | Unha semana en marzo/abril e outra a finais de xuño | |
| Viaxe 4º ESO fin etapa | Vicedirección | | 4º ESO A, 4º ESO B | Extraescolar | 8-13 de marzo 2026 | Por determinar o destino da viaxe |
| Festa Nadal | Vicedirección | | Todos/as | Complementaria | 19 de decembro 2025 | |
| Festa Entroido | Vicedirección | | Todos/as | Complementaria | 13 de febreiro 2026 | |
| Club da igualdade | Vicedirección, outros dptos | Encontro un luns ao mes a mediodía para debater sobre temas relacionados coa igualdade, a inclusión e a convivencia | Todos/as | Extraescolar | Un luns ao mes | |

## 6. Plan de autoprotección

Dentro do marco do Plan de Autoprotección do centro, revisado e actualizado no curso 2024-2025, está previsto realizar un simulacro de evacuación a comezos do mes de decembro de 2025. Con posterioridade, elaborarase un informe no que se recollerán aqueles aspectos que se deban mellorar ou corrixir.
Está pendente de realizar unha obra que se recolleu como proposta de mellora no informe do simulacro de evacuación do curso pasado: uns chanzos intermedios arredor de todo o perímetro frontal e lateral dereito da entrada ao edificio principal do instituto, coa distancia que indica o Real Decreto 486/1997, para corrixir o desnivel existente no exterior do edificio de aulas. A solicitude da obra foi enviada á Unidade Técnica da Consellería de Educación pero aínda non se lle deu resposta.

## 7. Programa de formación do profesorado no centro

No curso 2025-26 vaise continuar co PFPP desenvolvido en cursos anteriores, vinculado ao CFR de Vigo, coas tres liñas de formación que xa se desenvolveron o curso pasado:

7.1. **Liña de formación en convivencia**, que ten como obxectivos desenvolver estratexias para a mellora da convivencia e a resolución de conflitos e revisar ou elaborar os documentos do centro relacionados con esta área, especialmente o Plan de Benestar Emocional e Convivencia, así

como xestionar as posibilidades educativas da aula de convivencia que se puxo en marcha no curso 2023-24. No presente curso traballarase fundamentalmente en dúas liñas: sensibilizar o alumnado na necesidade de mellorar o respecto no trato, tanto entre as persoas da comunidade educativa como cara ao espazo do centro educativo, e promover actividades de prevención do acoso escolar. Esta liña de formación, na que van participar nove profesoras e profesores, levará asociada tamén unha Escola de Nais e Pais (ENAPA).

7.2. **Liña de formación en Polos creativos**, que ten como obxectivos mellorar os recursos tecnolóxicos do centro e a formación no seu manexo. Esta liña de formación, na que van participar seis docentes, está vinculada á implantación do programa Polos creativos da Consellería de Educación. O profesorado xa se formou no curso anterior en impresión 3D e agora o obxectivo é seguir formándose noutros dispositivos como a cortadora láser ou o plóter de corte para poder utilizar estes recursos nas actividades do centro e para mellorar a competencia dixital docente.

7.3. **Liña de formación en Bibliotecas Escolares**, liña de formación vinculada á incorporación do centro no PLAMBE. Continuará coa mellora de xestión do catálogo, dos recursos e dos espazos da Biblioteca e co desenvolvemento de actividades de dinamización. Nesta liña van participar once profesores e profesoras.

## 8. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro

Como apoio á actividade de ensino-aprendizaxe e como complemento da práctica docente, combínase o uso de diferentes e materiais e recursos didácticos: libros de texto en papel, aula virtual e outras plataformas educativas, materiais de elaboración propia, recursos e materiais abertos na rede, recursos da biblioteca escolar, etc.

O centro dispón dun fondo de libros solidario na ESO e ofrécese tamén un banco de libros da ANPA para a ESO e Bacharelato. Por outra banda, aínda que se debateu no claustro, non se aprobou a solicitude de incorporación do centro ao proxecto Edixgal por estar moi maioritariamente o profesorado en desacordo con este programa.

A relación de libros de texto establecidos no centro para os diferentes niveis educativos é a seguinte:

# 1º ESO: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano ed. | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO Revoa | SM XERME | 2022 | 978-84-98548976 | |
| 1º ESO | Ed. Plástica, visual e audiovisual | OBSERVAR.COMPRENDER.EXPRESAR I | EDICIONES SANDOVAL | | 978-84-943542-2-9 | |
| 1º ESO | Francés | 1 ESO.FRANCÉS ADOMANIA LOMLOE 22 | SM | 2022 | 9788413926254 | **E mais o caderno de actividades correspondente**: **Cahier d´éxercices** ISBN: 9788491824992 |
| 1º ESO | Inglés | Teamwork ESO 1 Student's book | Burlington Books | 2020 | 978-9925-30-457-8 | **Sen** caderno de actividades |
| 1º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua castellana y literatura 1 ESO. Serie Geniox | Oxford | 2022 | 9780190530273 | |
| 1º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura 1 | Edicións Xerais | 2022 | 978-84-9121-869-2 | |
| 1º ESO | Matemáticas | Matemáticas 1º ESO. Revuela | SM | 2022 | 9788413928494 | |
| 1º ESO | Relixión Católica | RELIGIÓN CATÓLICA. EDÉN | SM | 2022 | 978-84-112-0113-1 | Libro recomendado, pero **NON comprar**. |
| 1º ESO | Tecnoloxía e Dixitalización | Tecnología y Digitalización I ESO. GENiOX | Oxford University Press | 2022 | 9780190536961 | |
| 1º ESO | Xeografía e Historia | 1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-424-1 | |

# 2º ESO: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano ed. | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º ESO | Francés | 2 ESO.FRANCÉS ADOMANIA LOMLOE 23 | SM | 2023 | 9788419102119 | **E mais o caderno de actividades correspondente**: **Cahier d´éxercices** ISBN: 9788491825012 |
| 2º ESO | Inglés | Teamwork ESO 2 Student's book | Burlington Books | 2021 | 978-9925-30-462-2 | **Sen** caderno de actividades |
| 2º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua castellana y literatura Nova | McGraw Hill | 2023 | 9788448619459 | |
| 2º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura 2 | Edicións Xerais | 2023 | 978-84-1110-197-4 | |
| 2º ESO | Matemáticas | Matemáticas 2º ESO. Revuela | SM | 2023 | 9788498562187 | |
| 2º ESO | Relixión Católica | RELIGIÓN CATÓLICA. EDÉN | SM | 2023 | 978-84-985-6503-4 | Libro recomendado, pero **NON comprar**. |
| 2º ESO | Xeografía e Historia | 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA Construíndo mundos | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-719-8 | |
| 2º ESO | Física e Química | Física e Química | Oxford | 2023 | 978-01-905-3986-3 | |
| 2º ESO | Tecnoloxía e Dixitalización | Tecnología y Digitalización II ESO. GENiOX | Oxford | 2023 | 978-019-0536251 | |

# 3º ESO: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano ed. | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO Revoa | SM Xerme | 2022 | 978-84-98548945 | |
| 3º ESO | Cultura Clásica | Cultura Clásica 3º ESO | Anaya | 2022 | 978-84-143-1064-9 | |
| 3º ESO | Ed. Plástica, visual e audiovisual | OBSERVAR.COMPRENDER.EXPRESAR III | Ediciones Sandoval | | 978-84-947295-8-4 | |
| 3º ESO | Física e Química | Física e Química | Oxford | 2022 | 978-01-9054-711-0 | |
| 3º ESO | Francés | 3º ESO. Francés ADOMANIA LOMLOE 22 | SM | 2022 | 9788413926261 | **E mais o caderno de actividades correspondente**: **Cahier d´éxercices** ISBN: 9788491825036 |
| 3º ESO | Inglés | On Tracks 3 | Oxford U.P. | | 9780194860437 | **Sen** caderno de actividades |
| 3º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua castellana y literatura 3 (Comunidad en red). Edición por bloques. | Vicens Vives | 2022 | 978-84-682-8484-2 | **Versión por bloques de contido** |
| 3º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura 3 | Edicións Xerais | 2022 | 978-84-9121-870-8 | |
| 3º ESO | Matemáticas | Matemáticas 3º ESO. Revuela | SM | 2022 | 9788413928500 | |
| 3º ESO | Relixión Católica | RELIGIÓN CATÓLICA. EDÉN | SM | 2022 | 978-84-112-0114-8 | Libro recomendado, pero **NON comprar**. |
| 3º ESO | Xeografía e Historia | 3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA Construíndo mundos 2022 | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-425-8 | |

# 4º ESO: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano ed. | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía. Revoa. | SM-Xerme | 2023 | 9788419101662 | |
| 4º ESO | Francés | 4º ESO. Francés ADOMANIA LOMLOE 23 | SM | 2023 | 9788419102157 | **E mais o caderno de actividades correspondente**: **Cahier d´éxercices** ISBN: 9788491825050. |
| 4º ESO | Inglés | On Tracks 4 | Oxford U.P. | 2023 | 9780194860659 | **Sen** caderno de actividades |
| 4º ESO | Economía e emprendemento | Economía y emprendimiento | McGraw Hill | 2023 | 9788448637842 | |
| 4º ESO | Lingua castelá e literatura | Lengua castellana y literatura | McGraw Hill | 2023 | 9788448640507 | |
| 4º ESO | Lingua galega e literatura | Lingua e literatura 4 | Edicións Xerais | 2023 | 978-84-1110-201-8 | |
| 4º ESO | Matemáticas A | Matemáticas A Aplicadas 4º ESO Revuela | SM | 2023 | 9788498564655 | |
| 4º ESO | Matemáticas B | Matemáticas B Académicas 4º ESO Revuela | SM | 2023 | 9788498562262 | |
| 4º ESO | Xeografía e Historia | 4º ESO HISTORIA. Construíndo mundos | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-716-7 | |
| 4º ESO | Física e Química | Física e Química | Anaya | 2023 | 978-84-143-2611-4 | |
| 4º ESO | Relixión Católica | RELIGIÓN CATÓLICA. EDÉN | SM | 2023 | 978-84-985-6504-1 | Libro recomendado, pero **NON comprar**. |

# 1º Bacharelato: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º Bach. | Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais | Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais | Anaya | 2022 | 9788414311349 | |
| 1º Bach. | Economía | Economía 1 | Casals | 2022 | 9788421874653 | |
| 1º Bach. | Física e Química | Física e Química | Oxford | 2022 | 9780190545802 | |
| 1º Bach. | Francés I | Diaporama 3 | MacMillan | 2025 | 9788411570541 (Libro do alumno) 9788411570558 (Caderno exercicios) | Pódense mercar tamén nun único tomo (Libro + caderno): 9788411574020 |
| 1º Bach. | Historia do Mundo Contemporáneo | Historia do Mundo Contemp. Alfeirán, X e Romero Masiá, A. | Baía Ed. | 2019 | 978-84-9995-4011 | |
| 1º Bach. | Inglés I | Outlook 1 | Burlington Books | 2021 | 978-9925-30-753-1 | **Non** se usará o caderno de actividades. |
| 1º Bach. | Latín I | Latín 1º Bach. | Anaya | 2022 | 978-84-143-1166-0 | |
| 1º Bach. | Lingua castelá e literatura I | Lengua castellana y literatura 1 | Oxford. Geniox Pro | 2022 | 978-01-905-4575-8 | |
| 1º Bach. | Lingua galega e literatura I | Lingua e literatura 1 | Edicións Xerais | 2022 | 978-84-9121-871-5 | |
| 1º Bach. | Literatura Universal | Literatura Universal | Casals. Código Abierto | 2023 | 978 8421867099 | **TAMÉN É VÁLIDO O LIBRO ANTERIOR da mesma editorial** (Casals, 2016). ISBN: 9788421848692 |
| 1º Bach. | Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I | Matemáticas Aplicadas a las CC.SS. I (Revuela) | SM | 2022 | 9788411202213 | |
| 1º Bach. | Matemáticas I | Matemáticas I (Revuela) | SM | 2022 | 9788411202206 | |
| 1º Bach. | Tecnoloxía e Enxeñería I | Tecnología e Ingeniería. 1º Bachillerato | McGraw-Hill | 2022 | 9788448627768 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º Bach. | Grego I | Grego 1º-2º Bach | Baía Edicións | 2017 | 978-84-9995-403-5 | É un só libro que serve para 1º e 2º Bach . En 1º será obrigatorio e en 2º só recomendado, non obrigatorio. |

## 2º de Bacharelato: Libros de texto para o curso 2025/26

| Nivel | Materia | Título do libro | Editorial | Ano ed. | ISBN | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º Bach. | Bioloxía | Bioloxía. Operación Mundo. | Anaya | 2023 | 978-84-143-2981-8 | |
| 2º Bach. | Economía e Deseño de Modelos de Negocio | Empresa y diseño de modelos de negocio | McGraw Hill | 2023 | 9788448637729 | |
| 2º Bach. | Física | Física | Baía | 2023 | 978-84-9995-423-3 | |
| 2º Bach. | Francés II | Diaporama 4 | MacMillan | 2025 | 9788411570596 (Libro do alumno) 9788411570602 (Caderno de exercicios) | |
| 2º Bach. | Historia de España | Historia de España<br>Alfeirán Rodríguez, X. e Romero Masiá, A. | Baía Edicións | 2023 | 978-84-9995-430-1 | **As edicións anteriores da mesma editorial e autores TAMÉN SON VÁLIDAS** |
| 2º Bach. | Inglés II | Outlook 2 | Burlington Books | 2022 | 978-9925-30-763-0 | **Sen** caderno de actividades |
| 2º Bach. | Lingua galega e literatura II | Lingua e literatura 2 | Edicións Xerais | 2023 | 978-84-1110-205-6 | |
| 2º Bach. | Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II | Matemáticas aplicadas a las CC.SS. II (Revuela) | SM | 2023 | 978-84-985-6231-6 | |
| 2º Bach. | Matemáticas II | Matemáticas II (Revuela) | SM | 2023 | 978-84-985-6230-9 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º Bach. | Química | Química | Baía | 2023 | 978-84-9995-429-5 | **TAMÉN É VÁLIDO O LIBRO ANTERIOR da mesma editorial (Baía, 2016)** ISBN: 9788499951966 |
| 2º Bach. | Tecnoloxía e Enxeñaría II | Tecnología e Ingeniería. 2º Bachillerato | McGraw-Hill | 2023 | 9788448639860 | |
| 2º Bach. | Xeografía | Xeografía 2º Bacharelato | Anaya | 2023 | 978-84-143-1597-2 | A edición debe ser a de 2023 |

# 9. Concreción anual do Plan de Biblioteca e do Plan de Lectura e programa conxunto de actividades da Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

## 9.1. Concreción anual do Plan de Biblioteca e do Plan de lectura

No curso 2025-2026, o noso centro continúa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), polo que se procurou dotar con máis horas de atención de gardas de biblioteca tanto á persoa coordinadora como ao resto do equipo de Biblioteca. Dese xeito, ademais das 3h que lle corresponden á persoa coordinadora, asignáronse sete horas máis de gardas de biblioteca a tres persoas diferentes (a propia coordinadora, do departamento de Xeografía e Historia; unha profesora de Matemáticas e unha profesora de Relixión). Nese horario desenvolveranse tarefas específicas de organización e mantemento da mesma: catalogación, colocación, corrección de etiquetas, corrección de rexistro do programa, control de morosidade, reorganización debido ao aumento de libros, descatalogación de material desfasado ou desaparecido, ordenación cada canto da orde alfabética, localización de libros extraviados, inventario de libros desaparecidos e reposición dos mesmos, compra de material solicitado polos departamentos, etc. Continuarase a confección da guía das etiquetas do material da nosa biblioteca, para facer un catálogo de consulta e irase completando a carpeta onde se recolle a organización, funcionamento da mesma e o manexo esencial do Programa Meiga, co propósito de que todo o profesorado do Centro poida coñecer e acceder a calquera xestión básica. Preténdese que o profesorado do centro coñeza e comprenda a organización e manexo do material deste espazo, posto que é un ben de todos e todas. Realizaranse tamén actividades de

dinamización. Ademais, seis docentes do Equipo de Biblioteca cubrirán tamén as as cinco gardas de recreo, nas que se realizarán préstamos e devolucións, e a actividade dos Xoves de xogos.

Asemade neste curso continuarase co mantemento do espazo para a Biblioteca na Aula Virtual do centro. A finalidade é arquivar toda a información da biblioteca, para que estea a dispoñibilidade do profesorado responsable, actual e futuro. Ademais, crearanse espazos para os proxectos e actividades desenvolvidas pola Biblioteca, en colaboración con outros departamentos ou materias (EDLG, Proxectos competenciais de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, etc.).

Ademais, na sección da Biblioteca na Aula Virtual proporciónense recursos para a Hora de Ler (unha Aula Propia) e para o alumnado (concursos e recursos en xeral, con outra aula propia). Tamén está en proceso de creación un blog para intercambio de opinións sobre lecturas e novas adquisicións de fondos. Por último, vaise dar de alta a alumnado e profesorado na plataforma E-LBE.

**Normas de uso da biblioteca**

A capacidade da biblioteca será de 34 postos de lectura.

Neste curso habilitouse un carro, adquirido cos fondos PLAMBE 2024/2025, para dez ordenadores portátiles que dean servizo aos usuarios da biblioteca e a todo o profesorado que o precise para o desenvolvemento das súas clases.

O alumnado pode acudir nos recreos á biblioteca para traballar ou para facer uso do servizo de préstamo. No resto da xornada lectiva, só o alumnado de 2º de bacharelato con materias soltas pode facer uso da biblioteca. Cando marche, deberá deixar o material empregado ordenado, apagadas as luces e pechadas as fiestras. Tamén pode usarse a biblioteca como espazo de traballo, sempre e cando o alumnado estea acompañado do seu profesorado. En caso de que algún curso necesite material da mesma, o profesorado do grupo encargarase de collelo e devolvelo ao seu sitio ou apuntalo no caderno de préstamos, alí dispoñible.

No horario lectivo a biblioteca tamén está a disposición do profesorado que precise impartir a súa clase nese espazo, sempre baixo o compromiso de que os libros queden ordenados, ao igual que os postos de lectura.

Ademais, a Biblioteca dispón de material funxible no "Espazo creativo", que está a disposición do profesorado, sempre anotando nos libros de rexistro cando o recollen e cando o devolven.

O punto de xogos da biblioteca, ademais de ser empregado para os Xoves de xogos, está a disposición do profesorado que queira empregar os materiais nas titorías ou horas de gardas. O préstamo ten a mesma organización que o resto dos materiais. Deben anotarse no libro de rexistros que está á súa disposición no moble de almacenamento.

A biblioteca é un lugar de traballo. Debemos respectar aos compañeiros e compañeiras que acoden a el para facelo.

**Orzamento**

O orzamento da biblioteca terá que ser como mínimo un 5% do orzamento xeral do Centro, cantidade utilizada na compra de libros e material de uso para alumnado e profesorado. Ademais, neste curso 2025-2026 a biblioteca contará cun orzamento específico de 4.677 euros outorgado a través do PLAMBE.

**Hora de ler**

A partir do 30 de setembro, como en cursos anteriores, dedicarase unha hora semanal á lectura para os cursos da ESO: na semana de inicio, 1ª hora; na semana seguinte, a 2ª hora do mesmo día; e así sucesivamente ata xuño. Computaranse no reparto as horas dos festivos.

Para esa Hora de ler, establécese a seguinte organización por acordo do claustro: o profesorado decide na súa aula o tipo de lectura ou a actividade relacionada coa lectura que vai realizar, ou ben opta pola lectura individual en silencio que se viña facendo en cursos anteriores. Polo tanto, o profesorado organiza, nesta hora, a actividade que considere oportuna: lecturas comentadas de contidos da súa propia materia, lectura en silencio ou non, lectura libre individual, lectura conxunta, etc.

Nestas horas, o alumnado non debe ir á biblioteca para coller material, si poderían facelo no recreo. Son eles os que teñen que organizarse, informados previamente polo profesorado respecto da actividade que van facer. No caso de lectura libre, eles deben responsabilizarse de traer o seu propio libro.

Calendario proposto para o curso 2025-2026:

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| **1ªh** | 06/10 | 25/11 | 14/01 | 05/03 | 24/04 |
| **2ªh** | 13/10 | 02/12 | 21/01 | 12/03 | |
| **3ªh** | 20/10 | 09/12 | 28/01 | | 08/05 |
| **4ªh** | 27/10 | 16/12 | 04/02 | 26/03 | 15/05 |
| **5ªh** | 10/11 | | 11/02 | 09/04 | 22/05 |
| **6ªh** | 17/11 | | 25/02 | 16/04 | 29/05 |

O calendario da Hora de ler envíaselle ao profesorado ao principio de curso para poder organizarse e non poñer exames nese horario. Igualmente será exposto para información do alumnado. Asemade, poranse copias polos corredores e, nun taboleiro grande na entrada do centro, irase sinalando semanalmente a seguinte hora de ler.

Dándolle continuidade a unha proposta do curso pasado, como resposta aos resultados das Probas de Diagnóstico do noso centro, dende a Biblioteca, EDLG e os departamentos colaboradores, fanse as seguintes propostas:

1.- Propoñer lecturas específicas, para cada sesión da Hora de Ler, con temas de actualidade, dramatizacións ou textos específicos dos contidos das diversas materias na procura dunha mellor comprensión lectora.

2.- Crear un repositorio de lecturas na Aula Virtual da Biblioteca, con acceso para todo o profesorado interesado.

3.- Fomentar a lectura oral e dramatizada dun grupo concreto de alumnado para o resto dos grupos e compañeiras/os, nas aulas ou no salón de actos.

4.- Promover a participación do profesorado, con achegas lectoras para cada unha das semanas, fomentando a diversidade de textos e temas.

5.- Alentar o alumnado con maior dificultade lectora a participar na lectura de manifestos, textos para as horas de ler, etc.

**Punto de lectura**

É un espazo central, situado no patio central do edificio onde o alumnado pode dispoñer dalgún material como revistas, escolmas de certames literarios, prensa, etc. Hai diversos andeis con material dispoñible para todo o persoal do centro. É preciso que, ao final do seu uso, sexa devolto ao lugar inicial.
O profesorado e persoal non docente dispón tamén dun punto de lectura na Sala de Profesores, no que poderán suxerir novas adquisicións para a biblioteca (na urna que está alí disposta) ou coller os libros alí presentados. O sistema de préstamo é o mesmo que o xeral da biblioteca.

## 9.2. Programa conxunto de actividades da Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

Logo dos bos resultados acadados nos últimos cursos, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e a Biblioteca propoñen un programa de actividades coordinadas para desenvolver no curso 2025/2026, buscando a colaboración cos distintos departamentos e contando coa colaboración das materias de Proxecto Competencial de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

### 9.2.1. Propostas xerais anuais

- Punto de lectura da biblioteca na Sala de Profesores (iniciada no curso 2022-2023): o profesorado do centro suxire novas lecturas (deben introducir a proposta na urna da Sala de Profesores), que serán adquiridas pola biblioteca (de non formar parte dos seus fondos) e poranse nun lugar destacado na Sala. O sistema de préstamo será o mesmo que o dos libros da biblioteca.
- Crear un punto de lectura para o alumnado, no espazo exterior da biblioteca, con suxerencias da rapazada. Teñen unha urna na biblioteca para as súas suxerencias.
- Os premios de todos os concursos convocados polos departamentos de EDLG e Biblioteca estarán vencellados a publicacións literarias e material escolar.
- Implementar os fondos lúdicos da biblioteca, mediante a adquisición de xogos tradicionais galegos e xogos educativos e culturais. Crear un espazo, en cada un dos andares do centro, para que o alumnado poida xogar nos recreos. Tamén propomos a repetición da Semana dos Xogos, na Semana Cultural, combinada coa Semana da Froita, que tan bos resultados acadaron os cursos pasados.

- Hora de Ler. Este curso queremos seguir coa hora de lectura, mais pensamos que se debe traballar máis co alumnado para conseguir a súa implicación. Ademais do que decida o profesorado en cada hora, proporanse lecturas e actividades colectivas, aproveitando as celebracións, e que uns grupos vaian ler aos outros, debendo preparar previamente as mesmas.
- Continuar o desenvolvemento dunha liña de PFPP, con doce profesoras e profesores, para a modernización e actualización da Biblioteca Escolar, fomentando actividades interactivas coa contorna do centro e unha maior divulgación das actuacións da biblioteca, implicando o resto do Claustro, alumnado, familias e institucións da comarca.

### 9.2.2. Propostas de actividades mensuais

A nosa proposta é implicar as titoras e titores para que, dende as titorías, colaboren. Extensible a todo o profesorado e departamentos do centro que desexen colaborar.

| SETEMBRO 2025 | OUTUBRO 2025 | NOVEMBRO 2025 | DECEMBRO 2025 | XANEIRO 2026 |
|---|---|---|---|---|
| **08 – 12:** Formación usuarios da Biblioteca 1ºESO (Titorías e horas de Xeografía e Historia) | **02** Inicio recreos XOVES DE XOGOS<br><br>**06** Inicio da HORA DE LER<br><br>**20/24** Semana dos retos científicos.<br><br>**Mes do SAMAÍN e outras celebracións de SANTOS NO MUNDO**: Concurso de Epitafios, relatos de medo, cabazas (baleiras, decoradas). (Colaboración co Dep. Inglés) | **04 - 07**: Anotarse na sala de profesores participación Amigo Invisible no Nadal<br><br>**24 ao 28**: Semana dos retos contra a Violencia de Xénero.<br><br>**25**: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (Acto conxunto co Concello e o IES Terra Turonio) | **01:** Reparto Amigo Invisible<br><br>**02 ao 05** Semana da Constitución e Dereitos Humanos. Retos<br><br>**16 ao 20**: Rastrillo solidario nos recreos.<br><br>**19** Amigo Invisible profesorado (Agasallo dun libro/BD) No recreo ou cando permita o programa de NADAL (Pasapalabra, …) | **26 ao 30**: Semana dos retos “Diego Sarmiento” (Xogo de pistas polo centro e polo Concello)<br><br>**30**: Acto reivindicativo do Día da Paz e a Non Violencia.<br>Recreo con xogos cooperativos/sen balón no patio (profesorado e alumnado) |
| **FEBREIRO 2026** | **MARZO 2026** | **ABRIL 2026** | **MAIO 2026** | **XUÑO 2026** |
| **09 ao 13**: Celebracións do | **08:** Día da Muller (Breve acto | **13 – 17: Semana da** Fotografía. | **08: II Serán ALaxe** | **20** Proposta de saída final de |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Entroido. Ordes do Meco<br>Dende a Biblioteca propoñemos dous disfraces para as ordes do Meco (ademais do Pixama e elegante): "Personaxe dun libro ou libro" e voltar repetir "unha obra de arte"<br><br>**20**: Acto Día de Rosalía.<br><br>**23 ao 27**: Semana dos Retos das "Mulleres loitadoras" matemáticas (Colaboración co dep. de Filosofía) | no recreo)<br><br>**09 ao 13**: Semana da Prensa (Hora de ler actividade con prensa diaria)<br><br>Semana de PI e dos retos matemáticos (Colaboración co dep. de matemáticas)<br><br>**18**: Día da Poesía (Lecturas)<br><br>**23 ao 27**: Semana Cultural<br>- Recreos "Xogos Tradicionais". (Interior e exterior monitorizados polo alumnado e profesorado voluntario)<br>- Semana da Froita. | Día das Artes Galegas (01 abril) dedicado ao fotógrafo "José Suárez".<br>- Exposición da obra de José Suárez.<br>- Visionado dalgún fragmento de películas.<br>- Cada alumn@ e persoal do centro traer unha foto familiar en branco e negro que teña algún significado especial. Imprimilas en A4 e montalas nunha corcheira.<br><br>**20 - 24**: Semana do Libro | **11 ao 15**: Celebración das Letras Galegas. Semana dos Retos<br><br>**29**: Última sesión da HORA DE LER | todo o alumnado do centro, dentro do proxecto do centro "**Cos pés no Val Miñor**": |

## 10. Concreción anual do Plan Dixital

O Plan Dixital do IES Auga da Laxe para o curso 2025/26, coordinado polo profesor Manuel Herrera Carracedo, preséntase articulado nunha serie de obxectivos que se poden clasificar en dúas categorías:

**Obxectivos de continuidade (01-06).** Son aqueles que, aínda que xa se alcanzaron no curso anterior, van ser reactivados para darlle así continuidade ás súas accións.

**Novos obxectivos (07-09)**. Preséntanse por primeira vez no presente curso tras ser realizada a avaliación de necesidades do IES ao inicio da actividade académica.

| | Áreas de mellora | Obxectivo |
|---|---|---|
| Obxectivo 01 | Infraestrutura e equipamento | Actualizar os equipos dixitais das aulas |
| Obxectivo 02 | Infraestrutura e equipamento | Introducir e estender paulatinamente o emprego de software libre no instituto para alumnado e profesorado |
| Obxectivo 03 | Colaboración e redes | Xestionar e mellorar na aula virtual do centro un espazo para a formación e orientación do alumnado de 4ºESO e 2ºBach que desexe adquirir a acreditación dixital no MGCD |
| Obxectivo 04 | Competencia dixital do alumnado | Fomentar o emprego de ferramentas dixitais para o traballo en grupo do alumnado |
| Obxectivo 05 | Liderado | Desenvolver as competencias dixitais do persoal docente do centro |
| Obxectivo 06 | Liderado | Elaborar proxectos relacionados coa dotación de material vinculada ao programa "Polos creativos". Traballo en grupo do alumnado, co profesorado como guía |
| Obxectivo 07 | Infraestrutura e equipamento | Dispoñer de carros con ordenadores portátiles para apoio do labor docente e para axuda do alumnado. |
| Obxectivo 08 | Infraestrutura e | Aumentar o número de equipos informáticos na aula de Informática Info1 para acoller grupos |

| | | |
|---|---|---|
| | equipamento | completos da ESO. |
| Obxectivo 09 | Liderado | Desenvolver as competencias do persoal docente no manexo dos novos paneis interactivos das aulas |

Pódese consultar completa a concreción anual do Plan Dixital, con indicación de persoas responsables, accións que se van desenvolver, recursos necesarios, prazos e ferramentas de seguimento, a través dunha ligazón á que se pode acceder desde a marxe dereita da web do centro.

O desenvolvemento do Plan Dixital irá acompañado dunha liña de formación centrada no programa *Polos creativos*, dentro do PFPP do centro, na que participarán neste curso seis docentes.

## 11. Addenda do Proxecto Lingüístico

### 11.1. Constitución do Equipo de Dinamización

A persoa coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é a profesora María Vidal Costas, do departamento de Matemáticas. Ademais, forman parte do equipo outros profesores e profesoras, alumnado e unha persoa do persoal non docente.

### 11.2. Actividades que se van desenvolver ao longo do curso para o fomento e a dinamización da lingua galega

Como xa se indicou no punto 9.2, logo da experiencia positiva do curso pasado, neste curso a programación de actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e da Biblioteca vaise organizar de xeito conxunto e transversal, buscando a participación dos diferentes departamentos didácticos e das persoas titoras.

Pódese consultar a programación de actividades no citado punto 9.2 do presente documento.

### 11.3. Impartición de materias en lingua estranxeira

Realízanse desdobramentos en 3ºESO na sección bilingüe de Educación Física en inglés, que conta co apoio do profesor auxiliar de conversa, Milind Manjkhola.

### 11.4. Proxecto Lingüístico

O Proxecto Lingüístico do centro revisouse e aprobouse no curso 2023-2024 para o período 2023-2027. Pode consultarse o documento completo desde a marxe lateral esquerda da web do centro, na sección de documentos.

## 12. Concreción anual do Plan de Atención á Diversidade

12.1. Constitución do departamento de Orientación

Para o curso 2025-2026 constitúise o departamento de Orientación, integrado polas seguintes persoas:

- Dna. Noelia Álvarez Acevedo, profesora especialista en Psicopedagoxía, que asume a Xefatura do Departamento de Orientación (artigo 3º do Decreto 120/98). Durante o curso 2025-2026 asumirá a orientación do alumnado da ESO.
- Dna. Cristina Álvarez Pérez, profesora especialista en Psicopedagoxía, que actualmente ocupa o cargo de Secretaria no centro, e que no presente curso escolar asumirá a orientación do alumnado de bacharelato.
- Dna. Verónica Mouriño Pérez, profesora especialista de Pedagoxía Terapéutica.
- D: Miguel Estévez Davila, como profesor especialista en Pedagoxía Terapéutica, a media xornada, a través do programa PROA+.
- Dna. Ana Isabel Piñeiro Montero, xefa do Departamento de Orientación do centro adscrito, o CEIP Chano Piñeiro.

Este curso, e por mor da redución do número de profesorado, non hai disposición horaria para asignar persoas titoras de ámbito, do mesmo xeito que nos tres cursos anteriores.

Durante o presente curso escolar, as reunións deste departamento celebraranse semanalmente na hora establecida para tal fin coa asistencia das persoas con destino no IES: os xoves, de 12:30 a 13:20 horas.

A responsable da orientación no centro adscrito, reunirase co resto do departamento, polo menos unha vez por trimestre, para realizar a coordinación e seguimento do Plan de Orientación establecido; e ademais recollerá nun informe anual a avaliación do desenvolvemento do mesmo e as modificacións adoptadas, se é o caso, que se incorporarán no anexo da memoria final do Centro de Educación Secundaria.

12.2. Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado

12.2.1. Introdución

A presente concreción está baseada no Plan Xeral de Atención á Diversidade, que figura como anexo ao Proxecto Educativo do centro e publicado na páxina web do IES Auga da Laxe.
Entendemos por alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), tal e como recolle a LOMLOE de 2020, como aquel alumnado que requira dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar :

- necesidades educativas especiais (NEE),
- por retraso madurativo,
- por trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación,
- por trastornos de atención ou de aprendizaxe,
- por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe,
- por atoparse en situación de vulnerabilidade socio-educativa,
- por altas capacidades intelectuais,
- por terse incorporado tarde ao Sistema Educativo
- ou por condicións persoais e de historia escolar.

A súa vez a citada Lei Orgánica define ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) como aquel alumnado que afronta barreiras que limitan o seu acceso, participación e aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación ou da

linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
Por todo isto, baseándonos na análise da nosa realidade, esta concreción recolle o conxunto de medidas que teñen como obxectivo a mellora da resposta ofrecida neste centro ao alumnado con necesidades educativas.

No actual curso 2025-2026 a distribución de alumnado é a seguinte:

| Curso | Nº. grupos | Nº DE Alumnado |
|---|---|---|
| 1º ESO | 2 | 49 |
| 2º ESO | 3 | 61 |
| 3º ESO | 2 | 53 |
| 4º ESO | 2 | 54 |
| 1º Bacharelato | 3 | 74 |
| 2º Bacharelato | 2 | 55 |
| TOTAL | 13 | 346 |

12.2.2. Concreción de necesidades.

No curso académico 2025-2026 contamos con un total de **83 alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE);** 71 na ESO e 15 en Bacharelato). As necesidades educativas presentes derivan das seguintes dificultades: *Trastorno por déficit de atención con e sen hiperactividade, Trastornos da Aprendizaxe (Dislexia especialmente), Discapacidade Auditiva, Trastorno do Espectro Autista, Altas capacidades intelectuais, Trastorno Específico da Linguaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe e alumnado con condiciones persoais ou de historia escolar*.
Por todo isto, dende o punto de vista da atención á diversidade, unha das nosas metas é ser capaces de asumir estas condicións e dar unha resposta o máis positiva e axeitada posible, para iso, propomos medidas e actuacións precisas ao longo do curso.

12.2.3. Actuacións para a atención á diversidade

No marco do *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado*, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Partimos da realidade de que o alumnado escolarizado no noso centro non é homoxéneo, ten intereses diversos, estilos de aprendizaxe distintos, experiencias, capacidades e niveis de coñecemento diferentes. Por estes motivos, dende o centro, e máis concretamente desde a aula, debemos dar resposta a esa diversidade, optando por unha proposta metodolóxica e organizativa que poida responder a todas as necesidades educativas do alumnado dentro do marco dos obxectivos xerais e de a programación correspondente.

A orde de actuación será a que segue:

- Prevención.
- Reunións co centro adscrito para recoller información sobre o alumnado de nova incorporación con necesidades específicas.
- Detección de dificultades por parte do profesorado.
- Aplicación de medidas ordinarias para solucionar as dificultades do alumnado.
- Se tras a aplicación destas medidas, o alumno/a non avanza de forma axeitada, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para que realice unha avaliación psicopedagóxica, encamiñada a dar a resposta máis axustada posible ao alumno/a que presente necesidades educativas específicas e que, polo tanto, necesite de medidas de apoio extraordinarias.
- Os apoios educativos ordinarios e específicos poranse en práctica tan pronto como se detecten as necesidades.

Medidas ordinarias e extraordinarias no curso académico 2025-2026

Medidas ordinarias

Segundo o Decreto *229/2011*, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos

e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
Entre as medidas ordinarias contémplanse as aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. No IES Auga da Laxe dispomos dun Plan de Convivencia actualizado e aprobado no ano 2017. Ademais inclúense as seguintes medidas:

**- Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos e optatividade) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Neste curso académico contamos coa seguinte optatividade:
**1º ESO:** Relixión Católica ou Proxecto Competencial.
**2º ESO:** Relixión Católica ou Proxecto Competencial.
**3º ESO:** Educación Dixital, Segunda Lingua Estranxeira (Francés) e Relixión Católica ou Proxecto Competencial.
**4º ESO:** Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Música, Dixitalización, Expresión artística, Economía e emprendemento, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Oratoria, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Segunda Lingua Estranxeira (Francés) e Relixión Católica ou Proxecto Competencial.

**1º de Bacharelato**:
Materias de opción: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Física e química, Debuxo técnico I, Tecnoloxía e Enxeñaría I, Literatura universal, Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I, Economía, Grego I, Latín I, Historia do mundo contemporáneo.
Materias optativas: Segunda Lingua Estranxeira (Francés), Análise musical I (materia de modalidade de 1º curso), Debuxo artístico I (materia de modalidade de 1º curso).
Relixión Católica ou atención educativa.

**2º de Bacharelato**:
Materias de opción: Física, Debuxo técnico II, Química, Tecnoloxía e Enxeñaría II, Matemáticas aplicadas ás CC.SS II, Latín II, Historia da arte, Xeografía, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.
Materias optativas: Segunda Lingua Estranxeira (Francés), Tecnoloxías da Información e da Comunicación II, Análise musical II (materia de modalidade de 2º curso).
Relixión Católica ou atención educativa.

**- Desdobramentos**: este curso haberá desdobramentos en 1º de Educación Secundaria Obrigatoria en Inglés (unha hora semanal de conversa), Bioloxía e xeoloxía (laboratorio) e Tecnoloxía.
**- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.**
**- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**, especialmente co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo descrito no apartado de diagnóstico de necesidades.
**- Reforzo educativo ao alumnado exento de cursar a materia Segunda Lingua Estranxeira (Francés).** A proposta para o alumnado que accede este ano a 1º de ESO do centro de E.P. adscrito realízase en base ao informe coas propostas do CEIP ou, de ser o caso, tralo análise e valoración por parte do Departamento de Orientación, e tendo en conta a opinión do profesorado de área conforme os resultados reflectidos na avaliación inicial. En 2º de ESO concederase ao alumnado xa exento en 1º de ESO. As materias obxecto de reforzo son Lingua Castelá e Matemáticas en 1º de ESO e Lingua Galega e Matemáticas en 2º de ESO.
No actual curso académico haberá un total de 26 alumnos/as exentos:
8 alumnos/as en 1º ESO-A (RE en LC).
8 alumnos en 1º ESO-B (RE en Matemáticas).
5 alumnos/as en 2º ESO A (3 RE en Matemáticas e 2 RE en LG).
5 alumnos/as en 2º ESO B (2 RE en Matemáticas e 3 RE en LG).
**- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial** que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado.
Medidas de enriquecemento curricular en secundaria.
**- Aplicación dos protocolos educativos, no noso centro**:
Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Coordinación no Centro de todos os programas destinados á atención á diversidade:

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Programas de recuperación, recollidos nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos.
Programa de Habilidades Sociais, recollido no PAT.
Plan de Acollida do alumnado, recollido no PE do centro.

Medidas extraordinarias.

No marco do D. 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización das familias, da dirección do centro, de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade inclúense:

**- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica**. Hai un total de **26 alumnos/as** que reciben apoio dentro da aula por parte da profesora especialista en Pedagoxía Terapéutica do centro. As materias que serán obxecto de apoio son *Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas*, máis todos aqueles obxectivos de apoio que se establecen para cada alumno dentro das súas necesidades específicas. A maiores, **12 alumnos/as** de 2º ESO reciben o apoio, tamén dentro da aula, do profesor especialista en Pedagoxía Terapéutica do **PROA+**. A continuación móstrase un resumo dos apoios realizados:

| **Horario PT - Titular** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
| 9:30 - 10:20 | LGL 1ºA | Matemáticas 1ºB | | Matemáticas 1ºA | Matemáticas 2ºB |
| 10:20 - 11:10 | Matemáticas 1ºB | Matemáticas 1ºA | LCL 1º A | Matemáticas 2ºB | LC 1ºA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 11:10 - 12:00 | LGL 1ºB | | LGL 1ºB | Matemáticas 2ºA | Matemáticas 1º A |
| 12:00 - 12:30 | | Garda | | Garda Biblioteca | |
| 12:30 - 13:20 | Matemáticas 2ºA | LG 1ºA | Matemáticas 2ºB | Reunión DO | Reunión 2º ESO |
| 13:20 - 14:10 | | Reunión 1º ESO | At. Familias | | |
| 14:10 - 15:00 | | | LCL 1ºB | | |

**- Apoio por parte do PT de PROA+**

| | **Horario PT PROA+ (media xornada)** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
| 9:30 - 10:20 | LGL 2ºA | | | | LGL 2ºA |
| 10:20 -11:10 | LCL 2ºB | | | | |
| 11:10 - 12:00 | | | | | |
| 12:00 - 12:30 | | | | | |
| 12:30 - 13:20 | | | | LCL 2ºA | REUNIÓN 2º ESO |
| 13:20 - 14:10 | LCL 2ºA | | | LGL 2ºA | LCL 2ºB |
| 14:10 - 15:00 | LGL 2ºB | | | LGL 2ºB | |

- **Adaptacións curriculares**. Realizaranse unha vez esgotadas outras medidas de atención a diversidade incluída a repetición de curso, agás para o alumnado procedente de Primaria que xa trae o currículo adaptado da anterior etapa, neste caso darase continuidade á medida. Este curso están previstas AC para 9 **alumnos/as** dos diferentes cursos da ESO:

  - 4 alumnos/as en 1º de ESO.
  - 2 alumnos/as en 2º de ESO.
  - 2 alumnos/as en 3º de ESO.
  - 1 alumno/a en 4º de ESO.

- **Atención educativa** (domiciliaria ou hospitalaria) ao alumnado que, por circunstancias de saúde, presente dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo, cando sexa necesaria e se requira por parte da familia.

## 13. Concreción anual do Plan de Benestar e Convivencia

No curso 2025-26 continuarase coa revisión e actualización do Plan de Benestar e Convivencia, vinculada co desenvolvemento da liña de formación centrada na convivencia dentro do PFPP que se desenvolve no centro desde hai dous cursos e na que van participar oito profesores e profesoras.

Todas as medidas relacionadas coa mellora da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos se verán apoiadas pola existencia dunha aula de convivencia, atendida por profesorado específico durante toda a xornada lectiva, e polo traballo da persoa coordinadora de Benestar Emocional e Convivencia, Catherine Diz Álvarez.

Ademais, todo este traballo relacionado coa mellora da convivencia vaise ver complementado tamén cunha Escola de Nais e Pais (ENAPA), vinculada ao PFPP do centro e dirixida ás familias do noso alumnado.

## 14. Plurilingüismo

### 14.1. Sección Bilingüe

No centro continúa a funcionar no curso 25/26 unha sección bilingüe en inglés na materia de Educación Física, con desdobramentos nos grupos de 3º ESO, a cargo dos profesores Anxo Iglesias Mariño e Ruth Calvo Ferrer. Como consecuencia da redución de profesorado sufrida nestes últimos cursos, tivéronse que reducir os niveis educativos nos que é posible realizar este desdobramento correspondente á sección bilingüe. A profesora coordinadora da sección bilingüe é Dna. Conchita Monroy Costas.

### 14.2. Programa de auxiliares de conversa

Este curso contamos cun auxiliar de conversa, Milind Manjkhola, que se incorpora este ano ao noso centro e que apoiará o profesorado dos Departamentos de Inglés e de Educación Física (sección bilingüe) co seguinte horario:

| Hora | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30h-10:20h | | | 3A ESO (Alicia) | 1B ESO (Begoña) | |
| 10:20h-11:10h | 1A ESO (Begoña) | 4A ESO (Begoña) | Preparación actividades | 2C ESO (Begoña) | |
| 11:10h-12:00h | 1A BACH (Alicia) | | 3B ESO (Alicia) | 4B ESO (Begoña) | |
| 12:00h-12.30h | | | | | |
| 12:30h-13:20h | Preparación actividades | 2A ESO (Conchita) | 1C BACH (Alicia) | | |
| 13:20h-14:10h | 1B BACH (Alicia) | 3A ESO (Ruth) E.F | 2B ESO (Conchita) | | |
| 14:10h-15:00h | | 3B ESO (Ruth) E.F | | | |

O seguimento e avaliación do traballo da auxiliar de conversa estará á cargo da coordinadora da sección bilingüe e do programa de auxiliares de conversa, Dª. Conchita Monroy Costas, e do equipo directivo.

**14.3. Intercambios e viaxes de aprendizaxe de linguas estranxeiras**

No IES Auga da Laxe existe unha longa tradición de organización de intercambios e participación en programas europeos, que teñen como un dos seus obxectivos fundamentais fortalecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras. Nestes últimos cursos organizáronse no centro dous intercambios para practicar o inglés e unha viaxe a Francia para practicar o francés.

Os dous intercambios para fortalecer a aprendizaxe do inglés, que se organizan desde hai case quince anos no centro e que tamén se van realizar no presente curso 2025-2026, van dirixidos a lumnado de Bacharelato. Por unha banda, organízase un intercambio para alumnado de 2ºBach cun centro de Aarhus (Dinamarca): o noso alumnado viaxou a Dinamarca a comezos de setembro, antes de que comezasen as clases, e o alumnado danés visitou Gondomar no mes de outubro. Por outra banda, organízase para o alumnado de 1ºBach un intercambio cun instituto de Nagold (Alemaña): o alumnado alemán visitará Gondomar no mes de abril e o noso alumnado viaxará a Alemaña na última semana de xuño, logo do remate das clases.

A viaxe do departamento de Francés vai dirixida ao alumnado de Francés de 3ºESO, 4ºESO e 1ºBach. Logo de que estes dous últimos cursos o noso alumnado fose de viaxe a París, a Bordeos e a Marsella, neste curso visitará Bélxica, tamén a finais de xuño.

**14.4. Probas de acreditación en linguas estranxeiras**

O IES Auga da Laxe solicitou participar no curso 2025-2026 na convocatoria do programa Acreditación LE que permite realizar probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, programa no que xa participou nos catro cursos anteriores. A través deste programa, un grupo de alumnos e alumnas de 2ºBach van realizar probas de acreditación do Trinity College, unha iniciativa promovida e organizada polo departamento de Inglés.

## 15. Programas educativos

### 15.1. EduMob

O noso centro foi seleccionado novamente para participar no curso 2025-2026 no programa EduMob de intercambios en francés. Grazas a este programa, seis alumnas de 1ºBach están estudando catro semanas en Francia, convivindo en familias e asistindo ás clases en centros educativos franceses, como segunda parte do programa que xa permitiu que seis alumnas francesas estivesen catro semanas en Gondomar, vivindo coas familias dos nosos alumnos e asistindo a clases no noso centro.

### 15.2. PLAMBE

O noso centro reincorporouse o curso pasado por dous anos ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), un programa do que xa formara parte entre os anos 2005 e 2010. Como apoio ao traballo que se desenvolve ao abeiro deste programa, constituíuse un equipo de biblioteca máis amplo, dedicáronse na organización do centro máis horas a gardas de biblioteca e mantense a liña de formación dedicada a bibliotecas escolares que se abriu o curso pasado dentro do PFPP que se desenvolve no centro.

### 15.3. PROA+

O noso centro foi seleccionado para formar parte do programa PROA+ para o período 2024-2026, o que nos permite contar este ano novamente cun segundo especialista en Pedagoxía Terapéutica a media xornada que apoia o alumnado con NEAE de 2ºESO.

### 15.4. Proxectos de Inclusión Educativa (PIE)

O noso centro solicitou dúas modalidades (Igualdade e Benestar emocional) dos Proxectos de Inclusión Educativa (PIE), nos que o centro xa participou no curso anterior. A través deste programa procuraremos darlle continuidade ás liñas de traballo desenvolvidas nestes últimos cursos no centro arredor da inclusión, a igualdade, a educación emocional e a convivencia.

## 15.5. Innova-Lab

O centro solicitou tamén participar en dúas modalidades (Leo-Lab e Inter-Lab) do programa Innova-Lab, como no curso anterior. A través destas dúas modalidades preténdese desenvolver iniciativas que reforcen o traballo que xa se fai no centro arredor do fomento da lectura e a competencia lectora (Leo-Lab) e arredor do impulso da aprendizaxe de linguas estranxeiras e a internacionalización do centro.

**NOTA. Como complemento desta PXA para os aspectos curriculares, remitimos ás programacións didácticas dos distintos departamentos, publicadas na páxina web do centro.**

# ANEXO I. Calendario escolar do curso 2025-26 coa planificación das actividades lectivas

## CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026 / IES Auga da Laxe

**Setembro 2025**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

**Outubro 2025**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

**Novembro 2025**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

**Decembro 2025**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

**Xaneiro 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

**Febreiro 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | |

**Marzo 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

**Abril 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

**Maio 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

**Xuño 2026**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

Algunhas datas están pendentes de confirmación ou aprobación

**Avaliación de diagnóstico 2º ESO**: Entre o 13 e o 17 de abril de 2026

PAU (pendente de confirmación): Ordinaria: 2-4 xuño / Extraord: 30 de xuño-2 de xullo

**Días sinalados**

- 8 de setembro: Comezo das clases
- 14-16 de outubro: Aval. Inicial ESO e Bach.
- 31 de outubro: Día do Ensino
- 3 de novembro: Non lectivo (Consellería)
- 18 de novembro: 1ª aval. 2º Bach.
- 2-3 de decembro: 1ª aval. ESO
- 8 de decembro: Inmaculada
- 9 de decembro: 1ª aval. 1º Bach.
- 22 de decembro - 7 de xaneiro: Nadal
- 16-18 de febreiro: Entroido
- 19 de febreiro: 2ª aval. 2º Bach.
- 10-12 de marzo: 2ª aval. ESO e 1º Bach.
- 19 de marzo: San Xosé
- 20 de marzo: Non lectivo do Centro
- 30 de marzo - 6 de abril: Semana Santa
- 1 de maio: Día do Traballo
- 4 de maio: Non lectivo do Centro
- 13 de maio (prov.): 3ª aval. e ord. de 2º Bach.
- 9 de xuño: 3ª aval. e ordinaria de 1º Bach.
- 8-10 de xuño (prov.): Probas extra. 2º Bach.
- 11 de xuño (prov.): Aval. extra. 2º Bach.
- 17-19 de xuño: Probas extraord. 1º Bach.
- 19 de xuño: Fin das clases
- 22-23 xuño: 3ª e final ESO e extra. 1º Bach.
- 24 de xuño: San Xoán